



RESOLUCIÓN DO 26 DE AGOSTO DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE PUBLICAN AS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E SE RESOLVE A CONVOCATORIA DO 28 DE ABRIL DE 2021 (DOG NÚM. 85, DO 6 DE MAIO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA, NA ESPECIALIDADE DE OFTALMOLOXÍA

Con data 19 de xullo de 2021 a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee resolveu publicar as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes na convocatoria do 28 de abril de 2021 (DOG nº 85, do 6 de maio), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área, no relativo á especialidade de Oftalmoloxía, con apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións polos/as aspirantes.

O apartado 4 da Base Sexta da Convocatoria establece que, unha vez examinadas as reclamacións presentadas, de ser o caso, a Comisión de Avaliación elevará os listados definitivos por orde de prelación ao Xerente, coa proposta de adxudicación do/s vínculo/s ofertados a favor da/s persoa/s aspirante/s que acrediten maior puntuación, agás que concorran circunstancias que xustifiquen que a convocatoria quede deserta, en cuxo caso deberán constar as razóns que motiven tal proposta.

Emitida a proposta por parte da Comisión de Avaliación, e de conformidade co establecido na Base Sétima da Convocatoria, esta Xerencia

RESOLVE:

Primeiro.- Aceptar a renuncia voluntaria a continuar neste proceso de selección do aspirante Augusto José Gómez Carnero.

Segundo.- Publicar, como Anexo I, as puntuacións definitivas acadadas polos/as aspirantes na especialidade de Oftalmoloxía.

Segundo.- Adxudicar o nomeamento a aquel/a aspirante que acadou a maior puntuación, segundo se recolle no Anexo II.





Terceiro.- Fixar como data de sinatura do nomeamento e incorporación efectiva á praza o día 1 de setembro de 2021. Non entanto, e en casos de forza maior, e por instancia do/a interesado/a, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee poderá prorrogar o prazo de incorporación.

De non producirse a sinatura e a incorporación efectiva á praza na data ou prazo indicado, o/a interesado/a perderá os dereitos como adxudicatario/a ao nomeamento, podendo ser chamado o/a aspirante seguinte de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Avaliación.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte a súa publicación.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee

A Coruña, 26 de agosto de 2021

O Director de RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal



A Coruña, 26 de agosto de 2021

O Xerente da Área Sanitaria da
Coruña e Cee

SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA

Asdo.- Luis Verde Remeseiro



ANEXO I

RESULTADOS DEFINITIVOS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS DOS/AS ASPIRANTES

ESPECIALIDADE: Oftalmoloxía

Apelidos e nome	Participación OPE (máx.24 ptos)	Formación (máx.14 ptos)	Experiencia Profesional (máx.22 ptos)	Docencia, Investigación e Innovación Sanitaria (máx.4 ptos)	Total Méritos
Mato Gondelle, Tamara	2,00	6,21	7,20	1,11	16,52
Almagro Sotelo, Sofía	2,00	5,29	7,20	1,65	16,14



ANEXO II
ASPIRANTE SELECCIONADO/A

Especialidade: Oftalmoloxía

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Mato Gondelle, Tamara	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Interinidade en praza vacante

